

*Resolución do 14 de febreiro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración dunha lista de interinidades/substitucións de profesorado especialista de nacionalidade estranxeira para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de chinés (592004).*

Por unha Resolución do 25 de xaneiro de 2019, do Director xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración dunha lista de interinidades/substitucións de profesorado especialista de nacionalidade estranxeira para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de chinés (592004).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos según a convocatoria para a elaboración dunha lista de interinidades/substitucións de profesorado especialista de nacionalidade estranxeira para impartir docencia na especialidade antes citada, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional da lista de interinidades/substitucións de profesorado especialista de nacionalidade estranxeira para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de chinés (592004).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base oitava da convocatoria acordada pola Resolución do 25 de xaneiro de 2019, do Director xeral de Centros e Recursos Humanos as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As



alegacións así formuladas deberán escanearse (para que conste o rexistro de entrada oficial) e remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.gal)

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

